

Fábulas de sempre

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) non é dende logo ningún descoñecido para calquera persoa interesada tanto na literatura infantil coma na de adultos, porque o certo é que o escritor, ademais de contar cunha traxectoria vastísima no eido do ensino e da investigación, que lle valeu a publicación de varias obras ensaísticas, conta tamén cun elevado número de publicacións literarias, que tocan os tres grandes xéneros e que van dirixidas a un público que comprende dende primeiros lectores aos que xa están máis avezados nesta competencia e aos lectores xa maduros.

Malia ser recoñecido por obras que xa atopan un lugar sobranceiro na historia da literatura galega, coma *Profecía do mar* (1966) ou *Vinte mil pesos crime* (1962), nos últimos anos o autor vén escollendo preferentemente obras infantís nas súas publicacións, e así, dende *Fins do mundo* (1974) foron moitos os volumes de temática infantil publicados en diferentes editoriais. O último destes vén de ser publicado por Everest Galicia e co seu título esboza xa o que agacha no seu interior: tres fábulas recontadas centos de anos despois de que fosen unhas desas composicións preferidas para seren narradas á beira do lume.

Didáctica dos valores



PAULA FERNÁNDEZ



Bernardino escolle desta volta o verso, caracterizado por un ritmo ternario semellante ao da muiñeira, para presentar estas composicións didácticas nas cales, e seguindo unha das características máis sobranceiras daqueles relatos, atopamos animais que falan e que serán os encargados de nos transmitir unha ensinanza que pretende levarnos a ser mellores persoas, e desbotar así algunhas das faltas máis comúns das nosas vidas coma

poden ser a fachenda, os sentimentos que infravaloran a seres máis desfavorecidos ou pouco importantes ao tempo que promoven tamén a motivación á hora de loitar por valores coma a protección da familia.

Destaca a primeira das composicións por estar ambientada na praia de Mogor hai centos de anos e por volver a ela na actualidade nun exercicio de crítica ao urbanismo excesivo e á repoboación con especies alóctonas que comezou en Galicia na segunda metade do século XX.

O autor conxuga deste xeito a recuperación polas composicións populares, o gusto pola poesía infantil cargada de recursos sinxelos que forman fermosas imaxes e ritmos atraentes e musicais, e o compromiso con problemas que afectan á comarca en que habita, nun volume que se completa coas ilustracións de Suso Cubeiro que semellan tentar dotar o texto de trazos misteriosos e sobrenaturais malia nalgúns intrempregar estéticas que pouco se corresponden coa idiosincrasia do ser galego.

GRANA, Bernardino, *Tres velas fábulas novas* (liustr. Suso Cubeiro), Ed. Everest/Galicia, A Coruña, 2006, 53 páxinas